

COMPARACIÓNS METODOLÓXICAS DOS CENSOS AGRARIOS DE ESPAÑA

MARÍA MERCEDES TATO RODRÍGUEZ

Departamento de Econometría e Métodos Cuantitativos

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 14 Maio 1996

Aceptado: 10 Xullo 1996

Resumo: O estudio das características estruturais da agricultura referentes a un momento determinado e as súas comparacións, tanto no ámbito espacial como no temporal mediante os Censos Agrarios, require por parte do usuario unha análise previa dos aspectos conceptuais e metodolóxicos contidos neles, co fin de aclaralas súas diferencias, obxectivo ó que pretende contribuir este traballo. Para estes efectos, conceptualízase e enmárcanse os obxectivos dun censo agrario, dando as definicións fundamentais de forma comparativa entre os diferentes Censos Agrarios de España correspondentes ós anos 1962, 1972, 1982 e 1989.

Palabras Clave: Censos; Censos agrarios; Comparacións censais.

METHODOLOGICAL COMPARISONS OF SPANISH AGRARIAN CENSUSES

Summary: The study of the structural characteristics of agriculture with reference to a given moment and its comparisons, both at space and time level, by means of Agrarian Censuses, requires on the part of the user a previous analysis of the methodological and conceptual aspects there contained, with the aim of clarifying their differences and to which goal this paper pretends to contribute. In this way, the objectives of an agrarian census are conceptualised and enshrined by giving the main definitions in a comparative way among the different Spanish Agrarian Censuses corresponding to years 1962, 1972, 1982 and 1989.

Keywords: Censuses; Agrarian censuses; Census comparisons.

ANTECEDENTES

A partir dos anos 30 estudiámo-la evolución dos censos agrarios tanto no ámbito da estatística internacional coma nacional.

NA ESTATÍSTICA INTERNACIONAL

Dende hai decenios, a práctica de realizar un censo agrario mundial a intervalos de dez anos converteuse nunha actividade internacionalmente aceptada, aínda que dende os seus principios ata o momento sufriu grandes modificacións conceptuais.

Malia algúns intentos anteriores para obter estatísticas internacionais sobre a agricultura, a primeira medida de carácter directo atopámola cara a 1924, cando o Instituto Internacional de Agricultura, que tiña a súa sede en Roma, iniciou unha serie de xestións cos gobernos encamiñadas a conseguir un acordo para elaborar un censo mundial da agricultura conforme a un plan uniforme. Estas xestións fixeron posible que en 1930 se realizara o primeiro Censo Agrario Mundial no que participaron un número aceptable de países. A participación consistiu en elaborar un censo completo, en realizar investigacións especiais ou ben en intentar obter información o máis completa e exacta posible da agricultura. Ante os alentadores resultados do censo de 1930, o Instituto Internacional de

Agricultura propuxo que ese censo fora o primeiro dunha serie de censos decenais agrarios de ámbito mundial.

A Segunda Guerra Mundial impidiu que se levara a cabo o censo de 1940. Rematada a guerra, constitúuse a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), que se fixo cargo das funcións do Instituto Internacionl de Agricultura (IIA), realizando Censos Mundiais da Agricultura nos anos 1950, 1960, 1970 e 1980, sendo os dous últimos promovidos pola FAO, que asumiu as funcións do IIA trala súa disolución en 1946.

Dentro da experiencia internacional, cabe destacar tamén os antecedentes da CEE. A primeira enquisa comunitaria sobre a estructura das explotacións agrícolas realizouse en 1966-1967 e, posteriormente, sucesivos regulamentos do Consello foron fixando a obrigatoriedade para os Estados membros de realizar enquisas por mostraxe aleatoria, nuns casos, e enquisas de base en forma de censos xerais a tódalas explotacións agrícolas, noutras. Así, realizáronse diversas enquisas, participando España na realización da última como membro da Comunidade dos doce.

Na actualidade estase levando a cabo, nun marco máis amplio co da CEE, a execución do Programa do Censo Agropecuario de 1990, séptimo programa da serie decenal, iniciado polo IIA en 1930.

NA ESTATÍSTICA NACIONAL

Cando no ano 1930 o IIA patrocinou un censo agrario mundial, participaron representantes españois nas tarefas preparatorias dese censo. Aínda que este non se levou a cabo en España, contribuíuse a el cun Censo Gandeiro con referencia ó 30 de maio de 1929, que foi o primeiro dunha serie que se levou a cabo polo Ministerio de Agricultura. Á vez, o propio Ministerio iniciou a publicación da serie de *Anuarios Estadísticos de Produccións Agrícolas*, ampliada e mellorada de maneira ininterrompida. Terminada a guerra, a FAO proxecta a realización dun novo Censo Mundial da Agricultura para 1950, no que España foi invitada a participar. Indubidablemente debeu existir-lo propósito de acepta-la invitación, posto que, a mediados do ano 1949, foi creada pola Presidencia do Goberno unha Comisión Mixta de Coordinación e Asesoramento para as Estatísticas Agrarias, na que estaban representados tódolos organismos interesados na materia, e dentro da que se constituíu unha Comisión para a realización do censo agrario. Aínda que non puido realizarse, conseguiuse facer senti-la necesidade dun censo. E así, a Lei de Censos Económicos de 1957, na que se inclúe a obrigatoriedade dun censo agrario, estableceu un período intercensal de dez anos, axustándoo desta forma ás recomendacións internacionais. O tempo, en 1958 foi aceptada a invitación feita ó goberno español polo goberno dos Estados Unidos, como parte do seu programa de asistencia técnica a través da ICA, para que funcionarios do INE e do Ministerio de Agricultura se trasladaran a aquel país para realizar estudios sobre o censo agrario.

Preparado pola FAO o programa para realizar en 1960 un novo censo agropecuario mundial, créase a Ponencia do Censo Agrario dentro da Comisión Mixta de Coordinación e Asesoramento para as Estatísticas Agrarias, integrada por representantes do INE, do Ministerio de Agricultura e da Organización Sindical, coa finalidade de redactar un proxecto do censo agrario en España.

O proxecto do censo foi aprobado en sesión plenaria pola Comisión Mixta en xuño de 1961 e foi elevado ó goberno que, por Decreto de 6 de setembro de 1961, dispuxo a formación do primeiro censo agrario de España que se realizaría durante o cuarto trimestre de 1962.

DISPOSICIÓN LEGAL

As disposicións nas que se apoia a formación do Censo Agrario de España son: a Lei de Estatística de 1945 (substituída pola de 1988), fundamentalmente, e a Lei de Censos Económicos de 1957, en particular. Delas emana a norma xeral de realizar cada dez anos o censo agrario, así como que os proxectos correspondentes sexan dictaminados polo Consello Superior de Estatística e que se concedan os créditos para sufraga-los gastos correspondentes.

O Decreto 622/1971 de 25 de marzo dispón a formación do Censo Agrario de España de 1972 referido ó ano agrario 1971-72. O Real Decreto 607/1982 de 5 de marzo dispón a realización do censo agrario en todo o territorio nacional. Por último, a Orde do Ministerio de Economía e Comercio de 23 de xuño de 1982 dispón as normas para a súa organización e funcionamento.

O Censo Agrario de 1989 modifica a norma xeral (establecida na Lei de Censos de 1957) debido ó imperativo legal fixado pola Comunidade Económica Europea (CEE). No artigo 2 do Regulamento 571/88 do Consello, relativo á organización de enquisas comunitarias sobre a estructura das explotacións agrícolas durante o período 1988-1997, establecécese que os Estados membros efectuarán entre o 1 de decembro de 1988 e o 1 de marzo de 1991 unha enquisa de base en forma de censo xeral de tódalas explotacións agrícolas. Para a súa elaboración tivérонse en conta os imperativos legais da CEE e as recomendacións fixadas pola Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación no seu programa do Censo Agropecuario de 1990.

CONCEPTO E OBXECTIVOS DO CENSO

O censo agrario é unha investigación estatística fundamental que permite o estudio da estructura económica e social da agricultura nos seus tres sectores (agrícola, gandeiro e forestal), referida a unha data determinada. Ou tamén, segundo o programa do Censo Agropecuario de 1990 da FAO, podemos definilo como unha operación estatística periódica a grande escala, patrocinada polo Estado, para a recollida, elaboración e publicación de información, en gran parte cuantitativa, da estructura do sector agrario e con referencia a un momento determinado.

Ata a actualidade, a súa realización verificábase en períodos decenais, en cumprimento da norma xeral prevista na Lei de Censos de 1957. Así, témo-los Censos Agrarios de 1962, 1972 e 1982. Esta norma foi modificada polo Censo Agrario de 1989 cunha metodoloxía que ainda segue vixente.

Con carácter xeral, os obxectivos do censo resúmense nos cinco puntos seguintes:

- a) Describi-la estrutura básica agraria e facilita-lo estudio da súa evolución a través da información obtida sobre aquelas estruturas agrícolas que experimentan cambios con relativa lentitude.
- b) Coñece-las necesidades e posibilidades do agro español e servir de base ós plans e avaliación dos proxectos do desenvolvemento agrario, fundamentando a política do sector.
- c) Contrastar e mellora-la precisión das estatísticas agrarias de periodicidade non superior ó ano e outras estatísticas especiais.
- d) Atende-las necesidades estatísticas de carácter internacional. Neste contexto, o Censo Agrario de 1989 fai referencia ó cumprimento da normativa legal fixada pola CEE nos diferentes regulamentos do Consello, así como atender outros requirimentos internacionais de información estatística sobre o sector agrario.
- e) O Censo Agrario de 1989 tamén inclúe como obxectivo o establecemento dun marco ou directorio que sirva para a realización de deseños mostraís de enquisas agrícolas sectoriais.

Resumindo, podemos dicir que o seu obxectivo directo e principal consiste en determina-lo número, distribución e características das explotacións agrarias.

No tocante ó ámbito xeográfico de tódolos censos, comprende tódalas explotacións agrarias existentes no territorio español. Considérase territorio nacional: a península, as illas Baleares, o arquipélago canario, Ceuta e Melilla. E, polo que se refire á poboación investigada, comprende en xeral as explotacións agrarias existentes no territorio español, calquera que sexa a persoa natural ou xurídica (pública ou privada) que as teña ó seu cargo e o destino que se lles dea ós seus produtos (Censo Agrario de 1962). O Censo Agrario de 1982 é más explícito e exclúe a explotación de animais de sela ou de carreira e de tiro ou traballo, se a unidade censal non se dedica á súa cría; exclúe tamén a explotación de parques zoolóxicos, os criadeiros de animais para peletería e repoboación cinexética (agás paspallás, faisáns e perdices criados en catividade) e especies como cans, gatos, aves ornamentais, etc.; non se inclúen tampouco as actividades de servicios agrarios.

No que se refire ó ámbito temporal, os anos agrícolas foron os seguintes: 1961-1962, 1971-1972, 1981-1982 e 1988-1989.

Como acabamos de sinalar, a poboación investigada polo censo agrario é o conxunto das explotacións agrarias polo que resulta necesario defini-lo que se entende, a efectos censais, por esa figura.

DEFINICIÓN FUNDAMENTAL CONTIDA NOS CENSOS

Destacámolo-as seguintes:

O CONCEPTO DE EXPLOTACIÓN AGRARIA

"*Explotación agraria es la unidad técnico-económica de la que se obtienen productos agrarios bajo la responsabilidad de un empresario*". Esta definición censal de «explota-

ción agraria» é unha transcripción da definición comunitaria. A unidade técnico-económica caracterízase xeralmente pola utilización dunha mesma man de obra, polo uso duns mesmos medios de producción e por levar unha mesma contabilidade.

Tendo en conta esta definición, consideraranse como censables as explotacións agrarias con terras e as explotacións agrarias sen terras ou gandeiras.

Para os efectos do Censo Agrario de 1962 considérase como explotación agraria con terras "*cualquier extensión de terreno en una o varias parcelas, aunque no sean contiguas, pero que en conjunto formen parte de la misma unidad técnica-económica de la que se obtienen producciones agrícolas, forestales, ganaderas o mixtas bajo la dirección de un empresario*".

O Censo Agrario de 1972 defíne-a como "*toda extensión de terreno en una o varias parcelas, aunque no sean contiguas, pero que en conjunto formen parte de la misma unidad técnica-económica, con superficie total no inferior a 0,1 ha y de la que se obtienen producciones agrarias bajo la dirección de un empresario*".

"*Aquella explotación agraria con una superficie total en una o varias parcelas, aunque no sean contiguas, que sea igual o superior a 0,1 ha*", é a definición que, para os efectos do Censo Agrario de 1982, se ten en conta para a explotación agraria con terras. Aínda que non cumpran exactamente con esta definición, consideranse tamén, para este censo, como explotacións agrarias con terras: "*las tierras utilizadas anteriormente con fines agrarios y que, continuando con vocación agraria, no han sido explotadas durante el período de referencia censal; las tierras no labradas, aun en el caso de que su único aprovechamiento fuera la caza (cotos de caza)*". Esta definición mantense para o Censo Agrario de 1989, aínda que é un pouco máis explícito nos casos especiais e engade que "*se censará como una sola explotación, siempre que exista una gestión única y una unidad técnica-económica: una explotación que se haya repartido a nombre de varias personas por razones fiscales o de otro tipo; dos o más explotaciones que constitúan anteriormente explotaciones independientes y que se hayan integrado bajo la dirección de un solo titular; fincas ubicadas en diferentes términos municipales, que explote un mismo titular; también se censarán las explotaciones exclusivamente forestales; y la explotación agraria sin tierras*".

Polo que se refire a este punto, maniféstanse as seguintes concepcións:

- O Censo Agrario de 1962 define a explotación agraria sen terras como "*toda empresa que posea en total dos o más cabezas de ganado vacuno, caballar, mular, asnal, ovino, caprino o porcino; 20 o más gallinas, patos y gansos; 20 o más conejos; dos o más colmenas. Este ganado puede tener cualquier empleo o destino, y estar en zonas rurales o urbanas*".
- O Censo Agrario de 1972 realiza algunas modificacións e defíne-a como "*toda empresa que, con menos de 0,1 ha, posee en total 2 o más cabezas de ganado vacuno, caballar, mular, asnal o porcino; 5 o más cabezas de ganado ovino o caprino; 50 o más gallinas; 50 o más conejos*". Este gando pode ter calquera utilización ou destino, e estar en zonas rurais.
- O Censo Agrario de 1982 é moito máis explícito: "*aquella empresa que con menos de 0,1 ha posea en total una o más cabezas de ganado vacuno; 2 o más cabezas entre*

ganado caballar, mular o asnal; 6 o más cabezas entre ganado ovino o caprino; 2 o más cabezas de ganado porcino; 50 o más aves entre gallinas, pavos, patos, ocas, pintadas, palomas, codornices, faisanes y perdices criadas en cautividad; 30 o más conejas madres; diez o más colmenas". Este gando pode estar en zonas rurais ou urbanas.

- Mantense esta definición no Censo Agrario de 1989.

Sen embargo, tomando en consideración o anteriormente exposto, non se considera explotación, para os efectos censais:

- "*Los terrenos parcelados si el día de la entrevista están urbanizados o si se han iniciado los trabajos de urbanización, o las parcelas pertenecientes a chalets utilizados con fines de recreo, aunque en alguna de ellas se desarrolle, de manera complementaria, alguna actividad agraria.*
- Las empresas auxiliares agrarias, que son aquellas que, no poseyendo tierras, cooperan a la producción agrícola, ganadera o forestal mediante la cesión de tractores, máquinas para la recolección y cualquier otro servicio empleado usualmente en las explotaciones agrarias.*
- Los picaderos, las cuadras y los terrenos utilizados para ejercicio de los caballos de carreras.*
- Las perreras.*
- Los comercios de animales, mataderos, etc. (sin cría).*
- Las explotaciones de animales de tiro o de trabajo, si la unidad no se dedica a la cría de los mismos.*
- Los parques zoológicos, los criaderos de animales para peletería y repoblación cinegética y de especies como perros, gatos, aves ornamentales, etc.*".

Cabería preguntarse: ¿onde debe ser censada a explotación agraria? O Censo Agrario de España de 1962 establece nas súas *Notas Metodológicas* que "*una explotación agraria se considera situada en el municipio donde radique la edificación única o principal de la explotación o, a falta de ésta, en el que se encuentren la mayor parte de sus tierras*". Enténdese por edificación dunha explotación agraria toda construcción que constitúa parte dos elementos productivos desta, estando, polo tanto, vinculada a esa explotación. As explotacións gandeiras sen terras considéranse adscritas ó municipio no que o empresario teña declarado o seu gando.

Para este respecto, a definición dada polo Censo Agrario de España de 1972, no que se refire ó municipio de adscrición das explotacións, presenta algunas matizaciones ó anterior Censo Agrario de España de 1962: "*Una explotación agraria con tierras se considera situada en el municipio donde radique la totalidad de éstas o, en caso de radicar éstas en más de un municipio, donde se halle la edificación única o principal de la explotación o, a falta de ésta, en el que se encuentre la mayor parte de las tierras*". Así mesmo, matiza en canto á edificación dunha explotación agraria que "*en el caso de exis-*

tir más de una, se reputará principal aquella en que habitare el empresario o, en su defecto, el encargado, o radiquen las oficinas o se guarden los aperos de labranza o, en general, la maquinaria y equipo de la explotación".

O CONCEPTO DE EMPRESARIO E A SÚA CONDICIÓN XURÍDICA

Como sinalamos con anterioridade na definición censal, non existe explotación agraria sen a figura do empresario. Por iso, conceptuarémo-la súa definición para os efectos censais comparativos.

Existe unha coincidencia entre o Censo Agrario de España de 1962, así como os de 1972, 1982 e 1989 onde definen ó empresario como "*la persona (física o jurídica) que, actuando en libertad y autonomía, asume el riesgo de una explotación agraria, dirigiéndola por sí o mediante otra persona*". Para os efectos censais "*se considera empresario: al propietario cuando lleve directamente sus tierras; al aparcero; al arrendatario; a todo aquel que, con libertad y autonomía, dirija y asuma el riesgo de una explotación agraria, cualquiera que sea su régimen de posesión*".

Cando se venden produtos sen recoller ou se cede exclusivamente o dereito de pastoreo ou de caza, considerarase como empresario o propietario das terras.

O último Censo Agrario publicado matiza, ademais, que un titular como tal, pode exercer unha triple función con respecto á explotación da que ten a responsabilidade técnico-económica:

- a) Asumi-la responsabilidade da marcha económica ou financeira e o risco dos resultados da explotación.
- b) Adopta-las principais decisións técnicas sobre a utilización dos medios dispoñibles e exerce-lo control administrativo sobre as operacións da explotación.
- c) Asegura-la xestión dos traballos da explotación e tomar decisións correntes sobre asuntos de menor importancia.

Pasemos a tratar brevemente, dende o punto de vista dos censos agrarios, a *condición xurídica* do empresario.

O Censo Agrario de España de 1972, así como os de 1982 e 1989, moito máis extenso na súa definición, consideran os empresarios, pola súa condición xurídica, como persoas físicas ou persoas xurídicas.

A condición xurídica da persoa do empresario informa do titular da explotación sen ocuparse do tipo de dereito que ten sobre as terras, isto é, se a persoa do empresario é física ou non, e se non o é qué clase de comunidade integra.

"Un empresario se considera persona física cuando es una persona individual, o cuando varias personas individuales (hermanos, coherederos, etc.) explotan en común un pro indiviso u otra agrupación de tierras o ganados, sin haber formalizado legalmente una sociedad o agrupación. Cuando en una explotación la función del empresario se comparte por una o más personas individuales, a efectos censales constará una sola de ellas y para su identificación se seguirán los criterios de preferencia por el siguiente orden: la persona que dirige la explotación o la que tiene mayor participación en la"

gestión; la que tenga mayor participación en las responsabilidades financieras; la de mayor edad".

Pola súa parte, son consideradas « persoas xurídicas » "las corporaciones, asociaciones y fundaciones de interéss público reconocidas por la ley y las asociaciones de interéss particular, sean civiles, mercantiles o industriales, a las que la ley conceda personalidad propia independiente de cada uno de los asociados".

"Un empresario es una sociedad cuando la explotación agraria corre a cargo de dos o más personas que tengan formalmente constituida una sociedad mercantil" (sociedade anónima, sociedade limitada, etc.). Para os efectos censais considérase entidade pública "cuando la explotación agraria corre a cuenta del Estado, ya directamente o bien por medio de un organismo especial". Tamén se consideran como empresarios neste epígrafe a provincia e mailo municipio en relación cos bens propios de natureza agraria, que son aqueles da provincia ou do municipio que non estean destinados ó uso público nin adscritos á prestación dun servicio público, senón que poden constituir unha fonte de ingresos para a Administración. Para este respecto, o censo distingue entre "entidade pública municipal" e "outra entidade pública" (Estado ou provincia).

O Censo Agrario de España entende por «comunal» a "aquellos empresarios constituidos por las comunidades de vecinos, ya sea de los vecinos del término municipal, por tratarse de explotaciones de dominio municipal cuyo aprovechamiento y disfrute corresponde a los vecinos de dicho término, ya sea de los vecinos agrupados, barrios y otros similares, no constituidos formalmente en entidades municipales, en relación con los montes vecinales en mano común de los que consuetudinariamente vienen aprovechándose, en régimen de comunidad, los integrantes de dichas agrupaciones".

Por « agrupación », para os efectos censais, considérase a " aquella explotación en común de tierras y/o ganado con cierto carácter económico-social, como son las Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) y las cooperativas".

O censo agrario inclúe como «outra condición xurídica» a "cualquier otra persona jurídica no clasificable en apartados anteriores que tenga a su cargo una explotación agraria", como por exemplo a igrexa e os establecementos de instrucción e beneficencia.

"A su vez, se consideran, tanto en el caso de que la entidad asociativa sea una Sociedad Agraria de Transformación como en el de que se trate de una cooperativa, los siguientes tipos:

- a) *Industrialización y/o comercialización: Aquellas cuya finalidad es la transformación de productos agrarios para su consumo, comercializándose o no, por las mismas* (por exemplo, las bodegas y los molinos aceiteros).
- b) *Transformación en regadío: Aquellas cuyo objetivo esencial es la captación de aguas y realización de instalaciones para aprovechamiento de las mismas.*
- c) *Servicios: Aquellas que se constituyen para la prestación de determinados servicios comunes a los asociados.*
- d) *Obras: Las que tienen por finalidad la realización de determinadas obras comunes a los asociados, como pueden ser: la electrificación, la construcción y la reparación de caminos, etc.*

e) *Maquinaria: Aquellas cuyo fin es la adquisición y/o explotación de maquinaria por parte de los asociados".*

Sen embargo, o Censo Agrario de 1989 simplifica esta clasificación, e ten en conta as seguintes:

- a) *Sociedad: Se considera como tal aquella agrupación de personas cuyo contrato de sociedad esté documentado en escritura pública y ésta, a su vez, esté inscrita en el Registro Mercantil. Dichas sociedades pueden ser: Sociedad Anónima, Responsabilidad Limitada, Colectiva y Comanditaria.*
- b) *Entidad Pública: La titularidad de la explotación corre a cargo de alguna de las diferentes administraciones públicas: central, autonómica o local.*
- c) *Cooperativa de producción: Aquella agrupación que, sometiéndose a los principios y disposiciones de la Ley general de cooperativas y a sus normas de desarrollo, se dedica, en régimen de empresa en común, a la obtención de productos agrarios.*
- d) *Otra condición jurídica: Incluirá cualquier otra persona jurídica no clasificada en los anteriores apartados: Sociedad Agraria de Transformación".*

O Censo Agrario de 1989 reflicte máis polo miúdo a figura do xefe da explotación, con respecto ós censos anteriores, definíndo como a "persona responsable de la gestión corriente y cotidiana de la explotación agrícola. Éste, por lo general, coincide con el titular; pero, en caso de no coincidir, el jefe de la explotación puede ser un miembro de la familia del titular u outra persona asalariada".

"Toda explotación tendrá solamente una persona como jefe de la explotación, que será aquella que aporte la mayor contribución a la gestión de la explotación. En el caso de que la contribución se distribuyese igualitariamente entre más personas, se considerará como jefe de la explotación a la persona de mayor edad".

Así mesmo, neste censo tamén se ten en conta a formación agrícola do xefe da explotación.

Tendo en conta que unha mesma explotación pode estar constituída por terras baixo distintas formas de posesión, pasaremos a analiza-lo réxime de posesión da terra baixo o punto de vista dos censos agrarios considerados. Así, para os Censos Agrarios de 1962 e 1972, o réxime de posesión é a "forma jurídica bajo la cual actúa el empresario en la explotación agraria". Para os Censos Agrarios de 1982 e 1989, esta característica só se refire ás explotacións agrícolas con terras, o que como pode apreciarse supón un acoutamento.

As distintas formas de posesión consideradas nos censos agrarios son as seguintes:

- a) *Tierras en propiedad: Son aquellas sobre las que el empresario o su familia tienen derecho de propiedad, con título escrito o sin él, y las que han sido explotadas pacífica e ininterrumpidamente por el empresario o su familia durante treinta años como mínimo y sin pago de renta". Este concepto mantense para o Censo Agrario*

- de 1972 (CA72) e verase ampliado no Censo Agrario de 1982 (CA82), onde tamén se incluirán neste epígrafe "*los usufructos de la tierra*" e, posteriormente, no Censo de 1989 onde se detalla que nas unidades de carácter familiar se toman como explotadas en propiedade "*las tierras que forman parte de la explotación y que algún miembro del núcleo familiar tienen derecho de propiedad sobre ellas*". Igualmente, considéranse en propiedade "*las tierras que, formando parte de una explotación, cuyo titular sea una asociación de hecho, pertenecen a cualquiera de los asociados*". Non se consideran incluídas neste epígrafe as terras propiedade do titular cedidas a terceiros, nin as dadas en "sortes" ou arrendamento nas explotacións que teñen como titular a unha comunidade municipal ou veciñal.
- b) "*Tierras en arrendamento: Son aquellas en las que el titular disfruta de los aprovechamientos de la misma mediante el pago de un canon o renta, ya sea en metálico, ya en especie o en ambas coas a la vez*". Esta definición dada nos Censos Agrarios de 1962 e 1972 viuse perfilada nos dous últimos, os de 1982 e 1989 (sobre todo, neste último), ó incluí-lo termo "*independientemente de los resultados de la explotación*". Tamén se inclúen as terras de calquera outra explotación se o seu propietario as cede en contrapartida á prestación dun certo traballo ou servicio, sempre que non se trate de terras postas a disposición dun traballador agrícola baixo a forma de salario.
- c) "*Tierras en aparcería: Son aquellas tierras propiedad de tercera persona cedidas temporalmente al aparcero mediante el pago de un tanto por ciento del producto obtenido o su equivalente en efectivo*". La cuantía de dicha parte depende de las condiciones locales, el tipo de empresa y la aportación del propietario. Aínda que esta definición é igual para todos os censos, o último (1989) considera o parceiro como titular, para os efectos do censo, "*siempre que exista una responsabilidad económica compartida entre propietario y aparcero*".
- d) "*Tierras en otros regímenes de posesión: Se incluyen en este apartado las tierras no comprendidas en alguno de los regímenes anteriores: las explotadas por cesión gratuita, en fideicomiso, en litigio, en precario, en censos, foros, en régimen comunal dadas en «suertes» o arrendamiento, etc.*".

Con respecto a este apartado, cabe dicir que o réxime comunal foi tratado de diversa forma ó longo dos censos. No primeiro Censo Agrario non foi considerada esta forma de posesión, mentres que no Censo de 1972 foi definida como "*la tenencia que se disfruta sobre los bienes pertenecientes al municipio y que son explotados por los vecinos*" e, posteriormente, no de 1982 foi considerada de forma máis detallada definindo as terras de réxime comunal cando "*el empresario no es el ente comunal sino un vecino perteneciente a él, y lleva tierras de origen comunal que le han sido entregadas en «suertes», de tal forma que sólo puede utilizarlas él y sin coste alguno. No se incluirán las tierras comunales que son aprovechadas indiscriminadamente por todos los vecinos (pastos, leñas, etc.)*". Posteriormente, no Censo Agrario de 1989 queda englobado dentro do apartado "Outros réximes de posesión".

A DIMENSIÓN FÍSICA DAS EXPLOTACIÓN

Vistos os conceptos de "explotación agraria" e "empresario", pasamos a considerar, dende o punto de vista censal, a dimensión física das explotacións, que pode medirse en termos de "superficie total" (ST) ou en termos de "superficie agrícola utilizada" (SAU).

A superficie total (ST) e a súa clasificación segundo o seu aproveitamento

O Censo Agrario de España de 1989, máis completo cos tres anteriores (1962, 1972 e 1982), establece que a superficie total da explotación está constituída *"por la superficie de todas las parcelas que la integran: la superficie propiedad del titular"* (neste punto distingue entre a figura do titular e a do empresario, con respecto ó censo anterior); *"a superficie arrendada de otros para su explotación; la superficie explotada conforme a otras formas de posesión"*.

Sen embargo, exclúense as superficies de propiedade do titular cedidas a terceiras persoas. Por *parcela* enténdese, mantendo a mesma definición para tódolos censos, *"toda extensión de tierra que está bajo una sola linde"*, é dicir, rodeada de terreo, edificios ou augas que non pertenzan á explotación.

A superficie total de cada explotación clasifícase, segundo o seu aproveitamento, en dous grandes grupos: *terras labradas e terras non labradas*. É neste punto onde aparecen diferencias significativas nos dous últimos censos, en canto á súa clasificación. Son terras labradas, con igual definición para tódolos censos, *"las que reciben cuidados culturales sea cual fuere su aprovechamiento y la fecha en que se han realizado dentro del año del censo. Estos cuidados culturales son los que se efectúan con azada, arado, grada, cultivador, escarificador, extirpadora, etc., no entrando dentro de esta categoría las labores de extender abono, pases de rodillo o de tabla, cortes, escardas a mano, resiembra, etc. practicadas en las praderas permanentes"*.

Para os Censos de 1962 e 1972, considéranse as seguintes clases de cultivos nas *terras labradas*: *"cultivos herbáceos, arbóreos y arbustivos y los cultivos asociados"*; para o Censo de 1982: *"los herbáceos, los leñosos y los barbechos"*; mentres que para o Censo de 1989 se consideran as seguintes clases de cultivos nas terras labradas: *"herbáceos, barbechos, huertos familiares y cultivos leñosos"*.

A definición de *terras non labradas* é obvia: aquelas que non reciben coidados culturais. O Censo Agrario de 1982 considera os seguintes grupos: *"prados y pastizales, otras tierras no labradas y otras superficies"*. Dentro dos prados e pastizais distingue, á súa vez:

- "Prados o praderas permanentes: Son las tierras dedicadas permanentemente a la producción de hierba. Estas son características de zonas húmedas y su aprovechamiento prioritario se realiza mediante la siega. Pueden recibir algunos cuidados culturales como resiembra, abonado, pases de rodillo o tabla, etc."*. Exclúense deste concepto os cultivos forraxeiros que se inclúen dentro do apartado de cultivos herbáceos.

- b) "Pastizales: Son los terrenos aprovechados normalmente a diente por el ganado y que no suelen recibir cuidados culturales.
- c) *Pastizal de alta montaña: Al que pertenecen los terrenos formados por especies espontáneas, herbáceas o leñosas, típicas de zonas de altura, que no suelen secarse en el período de excesivo calor, realizándose su aprovechamiento normalmente a diente.*
- d) *Otros pastizales: En él se engloban los terrenos que dan origen espontáneamente a especies vegetales (entre las que predominan las herbáceas) que son consumidas a diente por el ganado. Son características de zonas de climas secos y altitud nula o media. Se incluirán en este apartado las dehesas a pastos. Por el contrario, los terrenos cubiertos de pasto y arbolado forestal, cuyo principal aprovechamiento sea este último, se incluirán en el apartado de especies arbóreas forestales".*

Tamén son catro os apartados que o Censo de 1982 enumera no capítulo de "outras terras non labradas". Estes son:

- a) "Erial a pasto: Son aquellos terrenos ridos dedicados accidentalmente a pastos, los cuales se caracterizan por su escaso rendimiento y por no haber recibido ningún tipo de labor.
- b) *Espartizal: Se denomina así al terreno con población principal de esparto o albardín cuya producción se recolecta o non. Pueden ser objeto ocasionalmente de algunos cuidados culturales para incrementar la producción.*
- c) *Matorral: Es el terreno poblado con predominio de especies espontáneas arbustivas como la jara, brezo, aulaga, tojo, retama, romero, tomillo, palmito, coscoja, piorno, lentisco, etc., con independencia de que sea o no susceptible de pastoreo.*
- d) *Especies arbóreas forestales: Bajo esta denominación se incluyen las superficies cubiertas por arbolado forestal, cualquiera que sea su edad y desarrollo, dedicadas a la obtención de madera, leña u otro producto forestal, o a la conservación del medio ambiente". O censo distingue os seguintes tipos: "frondosas, resinosas y mixtas" (mestura das dúas anteriores).*

O terceiro e último grupo de terras non labradas está constituído polas denominadas "Outras superficies", que son as superficies pertencentes "a las explotaciones ocupadas por baldíos, aguas, construcciones, eras, caminos, canteras, pedregales, desiertos, torrenteras, cumbres nevadas, etc., que no son susceptibles de aprovechamiento vegetal apreciable".

Sen embargo, se atendemos á clasificación que segundo o aproveitamento da terra realiza o Censo Agrario de 1989, podemos apreciar notables diferencias. Segundo este, "la superficie total de cada explotación agrícola con tierras se clasifica en tres grandes grupos: tierras labradas, tierras para pastos permanentes y otras tierras". Á súa vez, clasifica as terras dos dous primeiros grupos en: "tierras de secano y de regadío", de acordo coas seguintes definicións. As terras de secano son aquelas que "no recibieron

más agua que la de la lluvia" e as terras de regadío son as que durante o período de referencia "recibieron agua mediante un procedimiento establecido por el hombre, cualquiera que haya sido la duración o cantidad de los riegos, incluso si fueron de forma eventual".

A superficie agrícola utilizada (SAU)

Este concepto aparece por primeira vez nos Censos Agrarios de 1982 e de 1989, ainda que na metodoloxía do Censo Agrario de 1989 existen modificacións importantes con respecto á do Censo de 1982.

A superficie agrícola utilizada é un concepto básico na estrutura e análise das explotacións agrarias, debido ó feito de reuni-las terras sobre as que se basea o proceso de producción agrario. A súa importancia analítica, ben en forma directa ou ben tomada como referente, atópase fóra de toda dúbida, e é utilizada de maneira frecuente pola UE nas comparacións entre países membros.

O Censo de 1982 recollía dentro da SAU "*el conjunto de la superficie de la tierra labrada, praderas permanentes, pastos y tierras consagradas a cultivos permanentes. Comprende las superficies destinadas a la recolección durante el período de referencia del censo*", é dicir, a superficie de terras labradas e a do que anteriormente se denominou como prados e pasteiros.

O Censo Agrario de 1989 introduce unha pequena modificación consideránda como "*el conjunto de la superficie de tierras labradas y tierras para pastos permanentes. Las tierras labradas comprenden los cultivos herbáceos, los barbechos, los huertos familiares y las tierras consagradas a cultivos leñosos*".

Como xa dixemos, a SAU está integrada polas terras labradas, cultivos anuais e permanentes e, de entre as non labradas, polos prados, pasteiros e pastos. Non incluídas na SAU atópanse as restantes terras non labradas: ermos, matagueiras, espartais, especies arbóreas forestais e terras improductivas.

Os ermos e as matagueiras, excluídos da SAU, merecen especial atención metodolóxica xa que, pola súa definición, poden desempeñar un papel algo ambiguo. O Censo Agrario de 1982 define os ermos como "*terrenos rulos dedicados accidentalmente a pastos, que se caracterizan por su escaso rendimiento y que no recibieron ningún tipo de labranza*", e a matagueira como "*terreno poblado con predominio de especies espontáneas arbustivas, jara, brezo, aulaga, etc., con independencia de que sea o no susceptible de pastoreo*".

As definicións de ermo e matagueira presentan unha característica común, que é o accidental do pastoreo que se realiza nelas, dada a súa forte marxinalidade productiva.

Nesta liña, o *Anuario de Estadística Agraria* de forma continuada define o ermo a pastos como un "*terreno raso con pastos accidentales que normalmente no llega a poder mantener diez kilos de peso vivo por hectárea y año*", e sepárao claramente do monte aberto, en especial das devesas a pastos.

Ó defini-la SAU son excluídos expresamente o ermo e a matagueira pola súa marxinalidade, dado que a compoñente non labrada da SAU se caracteriza pola súa especial e

principal vocación gandeira, como pode apreciarse facilmente nas seguintes definicións do Censo Agrario de 1982:

- a) *"Prados y pastizales: Tierras dedicadas permanentemente a la producción de hierba.*
- b) *Pastizales: Terrenos de pasto aprovechados normalmente a diente por el ganado, que no suelen recibir cuidados culturales.*
- c) *Pastizal de alta montaña: Terrenos formados por especies espontáneas herbáceas o leñosas típicas de zonas de altura que no suelen agotarse en el período seco, realizándose su aprovechamiento normalmente a diente.*
- d) *Otros pastizales: Terrenos que dan origen espontáneamente a especies vegetales, entre las que predominan las herbáceas, que son consumidas a diente por el ganado, incluyéndose en este grupo las dehesas a pastos, y excluyéndose los terrenos cubiertos de pasto y arbolado forestal, siendo su principal aprovechamiento este último".*

O criterio delimitador subxacente da SAU é claro: a dedicación productiva, que explica a exclusión dela do ermo e da matagueira.

A *Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrarias* de 1987 da CEE (realizada por España) segue os mesmos criterios. Os outros pasteiros, denominados pastos pobres, coinciden exactamente cos do Censo Agrario de 1982, e a definición das outras terras — que no Censo coñecemos como outras terras non labradas— iníciase co parágrafo seguinte: "*se incluyen en este apartado los terrenos que no son explotados por razones económicas, sociales u otras y que no son asiento de cultivos agrícolas*". Na enumeración dos terreos excluídos citanse o ermo e a matagueira.

A Decisión da Comisión da CEE de 26 de outubro de 1989, que fixa as definicións das características e a relación de produtos agrícolas que deben utilizarse para a realización das enquisas comunitarias sobre a estructura das explotacións agrarias durante o período 1988-1997, e que afecta de maneira directa ó Censo Agrario de 1989, sitúase literalmente na mesma liña que a enquisa de 1987.

Todo o anterior demostra que antes de 1989 non se modificaron os criterios de demarcación da superficie agrícola utilizada. O tratamento dado ó ermo e á matagueira no Censo Agrario de 1982, na *Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas* de 1987 e nos *Anuarios del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*, cambia no Censo de 1989, posto que se introducen modificacións nas definicións de ámbolos dous tipos de terras.

O Censo de 1989 di taxativamente no epígrafe de "Outras superficies utilizadas para pastos", compoñente non labrado da SAU: "*se incluyen las dehesas a pastos y también el erial y el matorral cuando sobre ellos se ha realizado algún aprovechamiento ganadero*". É importante destacar que se evidencia o carácter accidental do destino concreto da capa vexetal, posto que se recalca algún aproveitamento gandeiro.

A influencia do cambio metodolóxico sobre os resultados censais de 1989 é importante, pois ó separar no ermo e na matagueira a superficie pastada da non pastada, e ó in-

cluí-la primeira na SAU, amplíase conceptual e practicamente o contido desta última con respecto ás formulacións do Censo Agrario de 1982, tendo como consecuencia que a cifra de SAU aumenta, e non porque se puxeran en aproveitamento agrario terras que antes non o estaban, o que implicaría a existencia intercensal de certas actitudes dinámicas expansivas nos empresarios do sector, senón exclusivamente por un cambio na definición da SAU.

As consecuencias da ampliación conceptual da SAU céntranse en varios aspectos. En primeiro lugar nas *variacións intercensais*. Estas variacións son a manifestación cuantitativa das modificacións que experimenta o proceso evolutivo da agricultura, moi lento a curto prazo e só detectable a medio e, sobre todo, a longo prazo.

A introducción de cambios nas definicións engaden un elemento adicional á *variación estructural*, de tal forma que para que a súa presencia non enmascare esta fonte principal de variación, é preciso que poidan separarse as outras fontes. Se se ten en conta que, pola forma en que foi deseñado o cuestionario do Censo Agrario de 1989, non é posible diferenciar das "Outras superficies utilizadas para pastos" as terras cunha orixe que sexa o ermo ou a matagueira pastada, resulta imposible distingui-los dous efectos e, por conseguinte, determina-la raíz da auténtica evolución deste aspecto clave da agricultura.

Os Censos Agrarios dende 1982 clasifican as explotacións atendendo ben á súa superficie total ou ben á agrícola utilizada. Das dúas posibilidades, esta é a más útil por presentar un maior contido económico, ó ser ese tipo de terra a productiva.

A variación da SAU dunha explotación condiciona o intervalo da súa inclusión na clasificación segundo a SAU e repercuten, ademais, en tódolos *indicadores agrarios* nos que figura como referente polo que se produce unha diminución automática do seus valores, non sendo igual a diminución en tódolos intervalos de clasificación das explotacións, independentemente do criterio con que se establezan.

As variacións das distribucións dunha variable entre censos proporcionan a posibilidade de cuantificar cambios estruturais ligados ó *tamaño físico* das explotacións. Se nos centramos na SAU, as explotacións inclúense nun intervalo ou outro da superficie agrícola utilizada, segundo sexa a cantidade de SAU que presenten, e implica que, cando unha explotación veva modificada a cantidade desta clase de terra, pode pasar dun intervalo a outro ou, evidentemente, quedar no mesmo. Se no Censo Agrario de 1989 se incrementou por definición a SAU, as distribucións de frecuencias mostrarán un nesgo positivo, é dicir, as explotacións tenderán a situarse cara ó extremo superior do intervalo que lles corresponda e, incluso, pasar ó seguinte, sucedendo con maior intensidade en tipos concretos de explotacións.

O efecto tradúcese na dificultade ou imposibilidade metodolóxica de compara-las clasificacións segundo a SAU entre o Censo Agrario de 1982 e o de 1989, en contradicción cun dos obxectivos explícitos do último censo, e isto non só nas devanditas características, ermo e matagueira, senón tamén nas superficies de cultivos, gando, maquinaria, traballo, etc.

Xa mencionamos con anterioridade que o censo agrario ten tamén como finalidade primordial servir de marco poboacional de enquisas, en particular a de estructura das explotacións agrarias, que os países membros das Comunidades Europeas realizan con cá-

racter bianual e obligatorio. Aquí maniféstase tamén o efecto da variación das definicións, posto que o colectivo de explotacións para investigar pola enquisa é un subconjunto das censadas en 1989, fundamentalmente, as explotacións que teñen máis dunha hectárea de SAU. O cambio metodolóxico, ó aumentar por definición a SAU, fará que o *marco poboacional* sexa diferente, máis amplo do que sería posible de non ter lugar o citado cambio, o que implica a non comparación coa *Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrarias* de 1987.

TRATAMIENTO CENSAL DA GANDERÍA

Neste punto cabe dicir que a información que en canto ó gando nos subministran os últimos censos pouco ten que ver coa que nos ofrecían os Censos Agrarios de 1962 e 1972. O único que teñen en común é que todos eles recollen "todos los animales pertenecientes a la explotación presentes el día de la entrevista".

O Censo Agrario de 1982 aclara "*aquellos que se encontraban en la explotación, ya sea en estabulación permanente, semiestabulación o pastoreo, y cualquiera que sea el régimen de posesión*". Para os efectos censais recóllense nas seguintes especies: vacún, ovino e cabrúns, porcinos, equinos, aves, coellas nais e colmeas.

Sen embargo, o Censo de 1989 é moito máis explícito e inclúe neste apartado "*los animales existentes en la explotación el día de la entrevista incluyendo los transhumanos y el ganado en «régimen de integración» o contrato*", entendendo por réxime de integración "*todo tipo de contrato que implica una dependencia en los suministros animales, piensos y en la venta*". Inclúe, polo tanto, a integración vertical con empresas privadas e a integración horizontal ou cooperativa. Considera a mesma clasificación que observaba o Censo de 1982 e incorpora a categoría de "Outros animais".

Para os dous últimos censos, co obxecto de cumplir a normativa legal fixada pola Comunidade Europea nos diferentes Regulamentos do Consello, así como atender outros requisitos internacionais de información estatística sobre o sector agrario, os datos de gandería exprénsanse en número de cabezas ou en unidades gandeiras (UG) que se obtén aplicando un coeficiente a cada especie e tipo para agregar nunha unidade común diferentes especies.

Os coeficientes empregados son: vacas leiteiras 1; outras vacas 0,8; bovinos machos de 24 meses e máis 1; bovinos femias de 24 meses e máis 0,5; bovinos de 12 a menos de 24 meses 0,7; bovinos de menos de 12 meses 0,4; ovino 0,1; cabrúns 0,1; porcas nais 0,5; porcas para reposición 0,5; leitóns 0,027; outros porcinos 0,3; equinos 0,6; galiñas 0,014; poliñas destinadas á posta 0,014; polos de carne e galos 0,007; pavos, patos e ocas 0,03; outras aves 0,03; coellas nais 0,015. Exceptúanse as colmeas que non se converteñen a UG.

O TRABALLO NA EXPLOTACIÓN

Tódolos Censos Agrarios coinciden en definir o *traballo na explotación* como "*aquella actividad humana que contribuye a los resultados económicos de la explotación*". Y distingue entre "*trabajo a tiempo completo (aquel que se presta día a día du-*

rante todo o ano en la jornada normal de traballo en la explotación) y traballo a tempo parcial (cuando se presta a lo largo do ano sin cumplir la jornada normal de traballo en la explotación bien por realizarse menos días cada semana o menos horas cada día)", áinda que con diferencias nas súas definicións. Esta información podemos obtela no censo a través da cuadrícula correspondente á dedicación principal das persoas.

Os primeiros Censos Agrarios (1962 e 1972) pouca información recollen da variable idade-sexo, e se o traballo é realizado por persoas non asalariadas ou asalariadas. O Censo Agrario de 1972 afonda un pouco máis e inclúe no seu cuestionario unha pregunta que fai referencia a se o empresario realiza algunha outra actividade fóra da explotación. Segundo a metodoloxía empregada, clasifica os empresarios agrarios en dous grandes grupos: "*empresarios agrarios que tienen como ocupación principal la agricultura*" y "*empresarios agrarios que no tienen como ocupación principal la agricultura*", entendendo como «empresario que ten como ocupación principal a agricultura» "*aquel que dedica más de la mitad de su tiempo de trabajo a su explotación*" (como se recolle na pregunta destinada a tales efectos no cuestionario censal). Diso podemos deducir que estes empresarios poden considerarse agricultores a tempo completo, e todos aqueles que o tempo de traballo dedicado á explotación sexa inferior á metade do seu tempo de traballo serán automaticamente considerados empresarios que non teñen como ocupación principal a agricultura ou, o que é o mesmo, agricultores a tempo parcial.

Isto presenta unha gran limitación ó censo, xa que só fai referencia ós «empresarios agrarios» entendendo como tales a "*toda persona natural o jurídica que, actuando a estos fines con libertad y autonomía, asume el riesgo de una explotación agraria dirigiéndola por sí o mediante otra persona*". Quedan, pois, fóra do alcance cuantitativo aquelas outras persoas que, traballando tamén na explotación sen ser empresarios, compaxinan o seu traballo agrario con outros fóra da explotación e no que ocupan máis da metade do seu tempo de traballo.

Co paso dos anos a metodoloxía censal foise perfeccionando e nos últimos censos recóllese unha abundante información relativa ó factor traballo das explotacións agrarias españolas, emendando esta insuficiencia ó defini-la man de obra agrícola na explotación como "*aquella constituida por todas las personas que, habiendo sobrepasado la edad de escolaridad obligatoria, hayan realizado trabajos agrícolas durante el período comprendido en el año agrícola*"; considerándose traballo agrícola segundo o Censo de 1982 "*la dirección, cultivo del campo, cría de animales, cuidado y explotación de los bosques*" e, segundo o Censo de 1989, que afonda un pouco máis, "*el trabajo de organización y gestión (compras, ventas y contabilidad); el trabajo para la siembra, cultivo y recolección de las cosechas; el trabajo para el ganado (preparación y distribución de los alimentos, ordeño y cuidados; el trabajo de almacenamiento y acondicionamiento en la explotación (ensilado, mazado y empaquetado); y el trabajo de entretenimiento de edificios, maquinaria e instalaciones*".

Aquí xorde un problema de comparación entre ámbolos dous censos, debido ó cambio introducido no tratamento da man de obra familiar, así como no referente ó traballo asalariado. Este concepto só é comparable aproximadamente entre un e outro censo.

No Censo Agrario de 1982 dise que traballo non asalariado "*es aquél que se presta en la explotación sin percibir una contraprestación en forma de salario*". Distínguese entre o realizado polo empresario, persoa física, e polas axudas familiares, así como a dedicación principal destas persoas durante o ano, ben na explotación ou ben fóra dela levando a cabo unha actividade agraria, unha actividade non agraria ou outra.

Sen embargo, o Censo Agrario de 1989 considera como man de obra familiar "*el titular, su cónyuge y otros miembros de la familia siempre que realicen trabajos agrícolas para la explotación (de forma continua o eventual) como asalariados o no asalariados. Se incluyen como otros miembros de la familia del titular los ascendientes, descendientes y otros parientes, incluidas las personas emparentadas por matrimonio o adopción, independientemente de que vivan en la explotación o en otra parte*".

De cada unha das persoas que constitúen a man de obra familiar recóllese o número de xornadas completas ou parciais traballadas na explotación, se recibe regularmente algúin tipo de remuneración e se exerceu algunha outra actividade lucrativa.

Vemos, pois, que o Censo Agrario de 1982 asimila a man de obra familiar ó traballo non asalariado das persoas que conviven co titular da explotación, mentres que o Censo Agrario de 1989 a relaciona co parentesco respecto a este, independentemente de que convivan ou non, ou de que se remunere ou non regularmente.

Para efectos censais non se considerará como traballo na explotación "*el trabajo realizado en procesos de transformación o elaboración de productos agrarios con destino a la venta o al consumo familiar; la realización de tareas domésticas (entendiendo como tales las labores del hogar) efectuadas por el empresario y/o miembros de la familia, por el personal asalariado no familiar o bien el realizado por los empleados a las órdenes de empresas de servicios contratadas para diversos fines, como fumigación, arreglo de maquinaria, etc.*".

O Censo de 1989 di, ademais, "*que no se considerará la mano de obra ocupada en la explotación por cuenta ajena o en régimen de ayuda mutua, como ejemplo de la mano de obra de una empresa de servicios agrícolas o de cooperativas*", precisando que "*los trabajos de transporte propios de la explotación sólo se considerarán si son efectuados por la mano de obra de la misma*".

Unha diferencia fundamental entre ámbolos dous Censos Agrarios, o de 1982 e 1989, consiste en que o primeiro deles divide o traballo na explotación en asalariado e non asalariado, mentres que o de 1989 fala de man de obra familiar e man de obra non familiar. Vexamos a continuación a qué fai referencia cada un deles.

A efectos do Censo de 1982 considérase traballo asalariado "*aquél que se presta a cambio de una contraprestación en dinero, en especie o en ambas cosas a la vez*". No traballo asalariado distínguense dous tipos: fixo e eventual, segundo que a súa prestación sexa continuada ó longo do ano (fixo) ou de carácter esporádico ou de tempada para determinadas tarefas agrícolas, como a sementeira, recolección, etc. (eventual). No traballo asalariado fixo, distingue o censo, ademais, entre traballo a tempo completo e traballo a tempo parcial. O traballo a tempo completo é "*aquél que se presta día a día a lo largo de todo el año, en la jornada normal de trabajo en la explotación (seis o más horas)*" men-

tres que o traballo a tempo parcial é, sen embargo, "aquél que se presta a lo largo de todo o ano, pero sin cubrir la jornada normal de trabajo en la explotación, bien porque trabaje menos días a la semana o bien porque trabaje menos horas cada día".

Censalmente, defínese o traballo non asalariado como "el que se presta en la explotación sin percibir una contraprestación en forma de salario". O traballo non asalariado pode ser realizado "por el empresario persona física o por las ayudas familiares, entendiéndose por estas últimas aquel grupo de personas vinculadas al empresario generalmente por parentesco, que hacen vida en común, ocupando normalmente la totalidad de la vivienda".

Pola contra, o Censo de 1989 recolle baixo a rúbrica de man de obra familiar, "el titular, su cónyuge y otros miembros de la familia siempre que realicen trabajos agrícolas para la explotación, bien de forma continua o eventual, como asalariados o no asalariados. Se incluyen como otros miembros de la familia del titular los ascendientes, descendientes y otros parientes, incluidas las personas emparentadas por matrimonio o adopción, independientemente de que vivan en la explotación o en otra parte".

Dentro do epígrafe «man de obra non familiar» (Censo Agrario de 1989) inclúense "aquellas personas distintas del titular y miembros de la familia que reciban una contraprestación en dinero, especie o en ambas cosas a la vez por su trabajo en la explotación. Comprende los asalariados fijos, que son los que realizan una prestación continuada a lo largo del año, y los asalariados eventuales".

En ámbolos dous censos se recollen, para cada unha das persoas que integran a explotación, os seguintes datos: sexo, idade, número de xornadas completas ou parciais traballadas na explotación e se exerceron ou non alguma outra actividade lucrativa durante o período de referencia e, ademais, o Censo de 1989 recolle a figura do xefe de explotación naquelas explotacións que teñen como titular unha persoa física.

A unidade convencional que se utiliza para homoxeneiza-las xornadas de traballo asalariado e non asalariado, a tempo completo e a tempo parcial, de homes e mulleres, é a "unidade de traballo/ano" (UTA). Unha UTA equivale ó "traballo que realiza unha persoa a tempo completo ó longo dun ano". Para o seu cómputo establecese a relación dunha unidade de traballo/ano igual a 275 xornadas completas de traballo asalariado, ou igual a 300 xornadas completas para os traballadores non asalariados. En caso de traballo a tempo parcial considérase unha xornada parcial como equivalente a media xornada completa.

Para o traballo asalariado fixo, o Censo Agrario de 1989 establece unha serie de tramos de intensidade da dedicación parcial, diferenciándose uns dos outros pola contía das xornadas traballadas. Esta clasificación permite valorar con máis detalle a transformación a unidades de traballo ano.

Á hora de transforma-las unidades de traballo ano a actividade das persoas que se atopan nunha ou noutra situación, séguense as indicacións metodolóxicas do Censo Agrario de 1989: aplicación en cada tramo de dedicación parcial do correspondente valor de UTA, mentres que á dedicación completa se lle asigna a equivalencia dunha unidade de traballo/ano.

No cuestionario do Censo Agrario de 1989 distínguese entre dedicación completa e parcial, tanto no traballo non asalariado como no asalariado fixo, aínda que cunha diferencia importante: na man de obra asalariada fixa parcial estableceronse tramos de dedicación do número de xornadas completas, mentres que na non asalariada non se fixo, coa consecuencia da esixencia de aplicación estricta nesta das normas censais na transformación a UTA: unha xornada parcial equivalente a media completa (0,5 UTA). Isto trae como consecuencia que dentro do mesmo Censo Agrario de 1989, non sexa posible efectuar directamente comparacións coas cifras publicadas entre o traballo non asalariado e o asalariado, dado que resulta imposible diferenciar a qué pode deberse a diferente estructura da man de obra, se a un auténtico cambio ou, simplemente, á variación metodolóxica.

Tampouco non son factibles certas comparacións directas intercensais da man de obra, posto que na formulación do Censo Agrario de 1982 non se utilizou a matización na dedicación parcial, aplicándose a toda ela unha única equivalencia: dedicación completa en xornada parcial igual a 0,5 UTA.

O efecto deste cambio metodolóxico é forte. Para compararmos coas cifras publicadas as estructuras da man de obra asalariada fixa parcial entre os dous censos deberemos, necesariamente, unifica-la unidade de medida: valorarmos nos dous casos a dedicación parcial a 0,5 UTA.

As consecuencias da unificación son as seguintes. Segundo os resultados nacionais do CA89, o total de UTA da man de obra fixa elévase a 105.725; como hai 73.447 asalariados fixos con dedicación completa, a súa equivalencia é de 73.447 UTA co que se obtén por diferencia as UTA asalariadas fixas parciais: 32.278.

O número de traballadores asalariados fixos con dedicación parcial en 1989 era de 83.869, e as UTA publicadas polo censo elevábanse a 32.278. Efectuando a valoración a 0,5 UTA, as unidades de traballo/ano estimadas (para 1989) supoñen 42.435, existindo unha diferencia entre elas de 10.157 UTA, cifra que equivale ó 31,5% da que resultou no censo.

No cadro 1 podemos ve-la estructura dos tres tipos de traballo asalariado en 1982 e 1989, distinguindo para 1989 catro tramos de dedicación e un só na man de obra asalariada fixa parcial para o cálculo das UTA, así como as diferencias censais nos dous casos indicados.

Cando a dedicación parcial se cuantifica a través dos catro tramos de xornadas, as diferencias das distribucións entre 1982 e 1989 repártense case por igual entre os asalariados fixos con dedicación parcial e os eventuais, mentres que se a cuantificación se realiza sen diferenciar tramos, a ganancia dos primeiros é bastante maior cá dos segundos, o que orixina resultados diferentes. A conclusión que se obtén nos dous casos é a diminución da man de obra asalariada fixa con dedicación completa, producíndose un incremento da asalariada fixa con dedicación parcial e eventual.

As publicacións do Censo Agrario de 1989 non fan referencia explícita a estas diferencias metodolóxicas, polo que é fácil que no uso e interpretación da información publicada se cometan errores de consideración.

Cadro 1.- Estructura do traballo asalariado segundo os CA82 e CA89

Traballo asalariado	1982	1989		1989-1982	
		IV Tramos	I Tramo	IV Tramos en 1989	I Tramo en 1989
Total	100,00	100,00	100,00		
Fixos completos	38,31	24,16	23,37	-14,15	-14,94
Fixos parciais	2,96	10,61	13,55	7,65	10,59
Eventuais	58,73	65,23	63,08	6,50	4,35

FONTE: Elaboración propia a partir dos CA82 e CA89. Madrid: INE.

A importancia do efecto metodolóxico é tanto máis forte en canto nos movamos a escala nacional con cifras reducidas, séndo aínda máis cando se descende ás comunidades autónomas, algunas delas uniprovinciais.

Se neste ámbito xorden grandes dificultades, onde se fai imposible a comparación do tempo de traballo cando está involucrado o asalariado fixo é entre as Orientacións Técnico Económicas (OTE) definidas "*en función de la composición relativa, por la actividad, de su margen bruto*", posto que na man de obra de 1989 non poden diferenciarse no grupo de asalariados fixos os dous tipos de dedicación.

Todo iso conduce a non poder saber con precisión qué é o que realmente sucedeu en profundidade co traballo agrario en relación coas OTE, nin co tamaño físico e económico das explotacións, de novo en contradicción cos explícitos obxectivos censais, nun período de tempo importante.

CONCLUSIÓNS

Os censos agrarios constitúen unha investigación estatística fundamental que permite o estudio da estructura económica e social da agricultura nun momento determinado. A súa importancia radica en que permite, sobre a base da estructura agraria vixente segundo as diferentes formas organizativas da produción, desvela-las necesidades e posibilidades destas, con vistas á realización de plans a longo prazo, así como medi-la súa efectividade.

Sen embargo, como vimos ó longo do noso traballo, as diferencias existentes nas definicións fundamentais establecidas nos censos agrarios obstaculizan, entre outros, o coñecemento dos cambios cuantitativos que experimenta o proceso evolutivo da agricultura e, ó tempo, inflúen nos indicadores agrarios que para efectos comparativos se fai necesario determinar con vistas ó coñecemento do comportamento dese sector na marcha xeral da economía.

Consideramos que co obxectivo de estuda-las características estruturais referentes a un momento determinado e poder efectuar comparacións, tanto no ámbito espacial como no temporal, faise necesario por parte do usuario unha análise previa dos aspectos conceptuais contidos nos censos, co fin de homoxeneiza-los datos e que nos permitan enlaza-las series.

BIBLIOGRAFÍA

- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1962): *Primer Censo Agrario de España*. Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1975): *Censo Agrario de España 1972. Resúmenes Nacionales*. Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1983): *Censo Agrario de España 1982. Proyecto para la clasificación de las explotaciones según su orientación técnico-económica*. Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1983): *Censo Agrario de España 1982. Resultados Nacionales*. Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1986): *Censo Agrario de España 1982. Resultados Nacionales segundo OTE*. Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1989): *Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas, 1987. Resultados Nacionales*. Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1989): *Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas, 1987. Galicia*. Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1991): *Censo Agrario de España 1989. Resultados Nacionales*. Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (1991): *Censo Agrario de España 1989. Resultados Nacionales segundo OTE*. Madrid.
- RIOBÓ ALMANZOR, J.M. *Organización estadística en el Estado de las Autonomías. Necesidad de coordinación en las distintas competencias*.
- RUÍZ-MAYA PÉREZ, L. (1986): "Evolución de las estructuras agrarias a través de los Censos de 1962 e 1982", *Revista de Estudios Agro-Sociales*, N. 138.
- RUÍZ-MAYA PÉREZ, L. (1992): "Consecuencias de las modificaciones metodológicas existentes entre los Censos Agrarios de 1982 e 1989", *Revista de Estudios Agro-Sociales*, N. 161.
- TATO RODRIGUEZ, M.M. (1995): *El trabajo en la agricultura gallega. Un análisis cuantitativo con especial referencia al trabajo a tiempo parcial*. [Tese de doutoramento]. Universidade de Santiago de Compostela.